



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DO IDIOMA GALEGO

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE LIMPADOR/A DO CENTRO MÉDICO INCLUÍDA NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPTE. 13/2024-SPL-EST, 2024/E001/000012.

Primeiro. En cumprimento da Base 9 das que rexen o procedemento de selección indicado, faise público o seguinte **ACORDO** do presidente do Tribunal cualificador designado por Decreto do Alcalde 1.261/2024, de 26 de decembro:

Primeiro. Fixar a data da celebración do exercizo para o vindeiro xoves, 23 de xaneiro de 2025 ás 09:15 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello de Padrón.

Segundo. Establecer, dacordo co establecido na base 9.5 das que rexen o proceso selectivo, a orde de chamamento das persoas aspirantes, seguindo o criterio alfabético do primeiro apelido, excluída a partícula de existir, comenzando pola letra "H" de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 29 do 9 de febreiro do 2024:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---------------------------------|-----------|
| COMOJO ROMAY, MARIA ENCARNACION | ***1398** |
| GRELA PEREZ, ANA MARIA | ***7527** |

As persoas aspirantes deberán presentarse á realización da proba provistas do DNI, NIE, pasaporte, permiso de codución ou outro documento didigno que, ao xuízo do Tribunal, acredite a súa identidade.

Terceiro. Dacordo ao establecido na base 9.1, infórmase ás persoas participantes de que a proba específica de coñecemento de lingua galega cualificará á persoa aspirante como **APTA** ou **NON APTA**. **Realízase de xeito oral** e consistirá no seguinte: unha conversa de cada persoa aspirante cos membros do Tribunal e, no seu caso, o persoal especialista que se nomee para estes efectos, sobre o tema que este escolla e que terá unha duración máxima de dez (10) minutos. A proba **será integramente gravada**.

Cuarto. Convocar ás persoas relacionadas no apartado segundo para o vindeiro **xoves 23 de xaneiro de 2025 ás 09:15 horas, no Salón de Sesiós da Casa do Concello de Padrón, situado na rúa Longa 27, Padrón (A Coruña)**, aos membros do Tribunal cualificador e persoal especialista designado e facer público o acordo no Taboleiro electrónico, no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

Dacordo co establecido na base 9.6, o chamamento para a proba será único e polo tanto, as persoas que non comparezan serán excluídas do proceso. Non obstante, as mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal e xuntarán á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data da proba.

O presidente do Tribunal

(documento asinado dixitalmente)